

X  
2

Buenos Aires 19 de xuño de 1953.

Sr.D. Ramón Piñeiro

Santiago

Meu querido Piñeiro: Teño recibido as túas derradeiras cartas que por razóns alleas ó meu sentimento non poiden contestare coa lixeireza que Mivese deseiado, e nesta quero crebar calquer malentendido sobor da nosa correspondencia. Escribinche respondendo á tua enviada por Perfecto López e mandeiche por correio, na oportunidade, o libro "Catro poemas galegos", feito con Varela e Bautista. Non recibín nin a separata de que falas na tía, que non coñece, nin tampouco a túa carta do vran pasado. Máis todo esto, aínda sentindo a súa perda, non ten importancia pra nosa amizade. Escribinlle a Paco falándolle do teu silencio e logo de terlle escrito arrepentinme, porque supoñe da miña parte unha defianza cara a tí que non tiña dreito a tér. A lonxanía de todol-os amigos e cousas que queremos, afinóu os nosos sentimentos e lévanos a estremalos sen razón. Tedes os que estades ahí que perdoar estes espiñados xeitos nosos, nados de estadeas maxinadas.

Con fonda ledicia veño seguindo os teus traballos que Del Riego xenerosamente remíteme. Teñen eles unha serenidade e forteza que contrasta con noso desamañó, xurdido do desagarimo de Galiza que nos toca viver. ~~Eu~~ Tivésemos querido facer algo máis xusto e cinguido, máis de acordo co pove ó que vai destiñado, máis a distancia estraga todol-os bós propósitos. As nosas precuras, pintando ou escribindo, teñen de manterse dos despojos das lembranzas e dos alucinamentos xurdidos dunha realidade de mezos, unha realidade que tivemos de deixar cando comenzaba a callar. E unha obra feita a pulos, as vegadas con ár de cridas. Mais xa falaremos desto. Hoxe quero agradecerche as túas liñas que me conmooveron, as referidas a meu libro, feito de corazón coma se dí, e as que se refiren a nosa amizade. Eu quixera loubar mellor do que poido, como o mereces, todo canto tí fas que é moito *y excéntrico*.

Saúdos a os amigos comús y tí recibe a forte aperta do teu amigo: